



MINICOPA

Adrián González e Pablo Abuín dirixiron a un combinado de 14 xogadores da Provincia que representaron ao baloncesto lucense e ao CB Breogán na primeira fase deste torneo, no que competiron todos os equipos infantís da Liga ACB

REPORTAXE
QuerENDO será protagonista no Pazo
Deputación e Breogán darán visibilidade á endometriose no partido que se disputará o próximo domingo ante o Real Madrid

SELECCIÓN GALEGAS
Torneos de infantís e cadetes

TANTO MASCULINO COMA FEMININO

LIGA GALEGA JÚNIOR
Estudiantes perdeu a súa condición de invicto
Os de Marcos Gómez perderon en Santiago ante un Peleteiro que se alza co liderado en solitario da Primeira División


COMPETICIÓN
A próxima fin de semana disputarase a última xornada do 2018, polo que todos os equipos empezarán as vacacións de Nadal que se alargarán ata mediados do mes de xaneiro




CLASIFICACIONES » Primeira e Segunda División

JÚNIOR 1ª DIV. MASCULINA

RESULTADOS	
Blanco Amor - C. Ourense	64-57
Obradoiro - Estudiantes	89-82
B. Coruña - Seis Nadal	74-63
PBB A - Tui	69-72
Bosco - Sigaltec	55-60
B. Ferrol - Rosalia	89-68

CLASIFICACIONES	
Equipo	X G P NP PF PC
OBRAIDROIRO	9 9 0 0 736 473
ESTUDIANTES	9 8 1 0 853 564
ROSALIA	9 6 3 0 705 650
PBB A	9 5 4 0 520 596
BASKET FERROL	9 5 4 0 636 593
CLUB OURENSE	9 4 5 0 559 595
SIGALTEC	9 4 5 0 549 539
TUI SETA	8 4 4 0 545 597
SEIS DO NADAL	9 3 6 0 550 643
BOSCO	9 2 7 0 539 557
BLANCO AMOR	8 2 6 0 508 585
BASQUET CORUÑA	9 1 8 0 524 722

PRÓXIMA XORNADA	
Rosalia - Obradoiro	Bosco - Estudiantes
Seis Nadal - C. Ourense	Blanco Amor - B. Ferrol
Sigaltec - PBB A	Tui - B. Coruña

CADETE 1ª DIV. MASC. NORTE

RESULTADOS	
Rosalia - Obradoiro	72-69
Culleredo - B. Ferrol	77-45
Estudiantes - B. Coruña	81-57
Narón - Carballo	55-49

CLASIFICACIONES	
Equipo	X G P NP PF PC
OBRAIDROIRO	7 7 0 0 565 337
ESTUDIANTES	7 6 1 0 641 398
ROSALIA DE CASTRO	7 5 2 0 612 404
KFC CULLE	7 4 3 0 482 404
BASQUET CORUÑA C	7 3 4 0 425 482
BASKET FERROL	7 2 5 0 379 444
BALONCESTO NARÓN	7 1 6 0 281 534
CARBALLO	7 0 7 0 252 634

PRÓXIMA XORNADA	
Rosalia - Estudiantes	Culleredo - Obradoiro
Carballo - B. Coruña	Narón - B. Ferrol

JUNIOR 2ª DIV. MASCULINO

RESULTADOS	
Burela - Cidade Lugo	63-58
CB Viveiro - H. Ferreiro	55-76
R. Ribadeo - Estudiantes	Apr.

CLASIFICACIONES	
Equipo	X G P NP PF PC
HIERRROS FERREIRO	5 4 1 0 325 296
ESTUDIANTES	4 4 0 0 279 209
C. B. RIA DE RIBADEO	4 3 1 0 237 190
C. B. VIVEIRO	5 2 3 0 246 286
ACADEMIA BURELA	5 1 4 0 286 306
CIDADE DE LUGO	5 0 5 0 253 339

PRÓXIMA XORNADA	
H. Ferreiro - Estudiantes	CB Viveiro - Burela
Cidade Lugo - R. Ribadeo	

CADETE 2ª MASCULINO

RESULTADOS	
Est. Azul - San Ciprián	50-49
Sagrado - Ensino Lugo	21-48
MGR Sarria - Design Sarria	63-27
R. Ribadeo - Est. Rojo	Apr.

CLASIFICACIONES	
Equipo	X G P NP PF PC
ESTUDIANTES AZUL	6 6 0 0 417 294
SAN CIPRIAN	6 5 1 0 401 252
MGR C. B. SARRIA	7 3 4 0 395 375
ENSINO LUGO	6 3 3 0 306 258
C. B. VIVEIRO	6 3 3 0 344 321
C. B. RIA DE RIBADEO	5 3 2 0 330 281
ESTUDIANTES ROJO	5 3 2 0 305 250
SAGRADO CORAZON	7 1 6 0 297 439
DESIGN SARRIA	6 0 6 0 176 501

PRÓXIMA XORNADA	
Est. Azul - CB Viveiro	Ribadeo - Design Sarria
Est. Rojo - San Ciprián	Ensino - MGR Sarria

INFANTIL 1ª DIV. MASC. NORTE

RESULTADOS	
B. Ferrol - Maristas	70-34
Culleredo - Peleteiro	62-70
Estudiantes - Burela 05	65-54
Rosalia - B. Coruña	73-68

CLASIFICACIONES	
Equipo	X G P NP PF PC
ESTUDIANTES	6 5 1 0 473 392
INSTITUTO ROSALIA	6 5 1 0 466 349
PELETEIRO	6 4 2 0 411 316
KFC CULLE	6 4 2 0 411 322
BURELA 05	6 3 3 0 378 324
BASQUET CORUÑA I	6 2 4 0 390 365
BASKET FERROL	6 1 5 0 226 403
MARISTAS	6 0 6 0 166 450

PRÓXIMA XORNADA	
B. Coruña - B. Ferrol	Maristas - Estudiantes
Peleteiro - Rosalia	Burela 05 - Culleredo

PREINFANTIL MASC. NORTE

RESULTADOS	
B. Ferrol - Maristas	37-75
Estudiantes - Montrove	72-62
B. Coruña - Culleredo	29-57
Narón - BBCA	77-27

CLASIFICACIONES	
Equipo	X G P NP PF PC
KFC CULLE	6 5 1 0 398 301
MARISTAS LUGO	6 5 1 0 423 345
BALONCESTO NARÓN	6 5 1 0 391 260
ESTUDIANTES	6 3 3 0 416 356
MONTROVE	6 3 3 0 401 345
BASKET FERROL	6 2 4 0 354 432
BASQUET CORUÑA	6 1 5 0 310 415
BBCA SARTANA	6 0 6 0 239 478

PRÓXIMA XORNADA	
Maristas - Narón	Culleredo - B. Ferrol
Montrove - B. Coruña	BBCA - Estudiantes

PREMI 2ª MASC. G1

RESULTADOS	
Est. Azul - Maristas	77-27
CB Viveiro - Galén Naranja	19-40

CLASIFICACIONES	
Equipo	X G P NP PF PC
ESTUDIANTES AZUL	3 3 0 0 188 37
MARISTAS LUGO	3 2 1 0 154 115
GALEN NARANJA	4 1 3 0 91 181
C. B. VIVEIRO	3 1 2 0 74 119
FRANCISCANOS	3 1 2 0 61 116

PRÓXIMA XORNADA	
Franciscanos - Est. Azul	Maristas - CB Viveiro

MINIBASKET 2ª MASCULINO

RESULTADOS	
Cidade Lugo - Est. Rojo	62-12
CB Viveiro - Galén Ensino	67-31
R. Ribadeo - CB Celtas	25-77
M. Aux. - Franciscanos	50-0
CB Sarria - Est. Azul	22-47

CLASIFICACIONES	
Equipo	X G P NP PF PC
CB CELTAS	4 4 0 0 272 68
CIDADE DE LUGO	4 4 0 0 239 81
ESTUDIANTES AZUL	4 3 1 0 202 192
CB VIVEIRO	4 3 1 0 257 122
GALEN ENSINO	4 2 2 0 156 143
C. B. SARRIA	4 2 2 0 169 172
MARIA AUXILIADORA	4 2 2 0 221 144
ESTUDIANTES ROJO	4 0 4 0 69 258
FRANCISCANOS	4 0 4 0 19 221
CB RIA DE RIBADEO	4 0 4 0 27 230

PRÓXIMA XORNADA	
Est. Rojo - CB Sarria	R. Ribadeo - Est. Azul
Franciscanos - Cidade	CB Celtas - CB Viveiro
Galén Ensino - M. Aux.	

MINI 1ª DIV. MASCULINO

RESULTADOS	
Estudiantes - BBCA	77-54
Narón - Maristas Lugo	102-62
B. Ferrol - R. Ribadeo	55-4

CLASIFICACIONES	
Equipo	X G P NP PF PC
BASKET FERROL	6 6 0 0 412 200
BALONCESTO NARÓN	6 5 1 0 487 365
ESTUDIANTES	6 4 2 0 424 339
MGR CB SARRIA	6 3 3 0 424 463
BBCA PRAIA PONZOS	6 2 4 0 392 380
MARISTAS LUGO	6 1 5 0 271 488
C. B. RIA RIBADEO	6 0 6 0 277 452

PRÓXIMA XORNADA	
Estudiantes - Maristas	Narón - MGR Sarria
B. Ferrol - BBCA Ponzos	

INFANTIL 2ª DIV. MASC.

RESULTADOS	
R. Ribadeo - Sagrado	53-69
MGR Sarria - Elev. Sarria	53-42
CB Viveiro - C. Ensino	48-74
Burela 06 - CB Celtas	47-77
Cidade Lugo - Franciscanos	54-33
Est. 06 - Est. 05	Venres

CLASIFICACIONES	
Equipo	X G P NP PF PC
C. ENSINO	7 6 1 0 464 279
CIDADE DE LUGO	7 6 1 0 417 310
SAGRADO	6 6 0 0 446 271
MGR C. B. SARRIA	6 4 2 0 368 279
CELTA	6 4 2 0 429 290
BURELA 06	7 3 4 0 343 441
CB RIA RIBADEO	6 4 2 0 362 296
CB VIVEIRO	7 2 5 0 352 422
ESTUDIANTES 05	6 2 4 0 237 399
FRANCISCANOS	7 1 6 0 301 412
AG ELEV. SARRIA	7 1 6 0 291 428
ESTUDIANTES 06	6 0 6 0 214 397

PRÓXIMA XORNADA	
Est. 05 - Burela 06	Celtas - CB Viveiro
C. Ensino - Cidade Lugo	Sagrado - Est. 06
Francisc. - MGR Sarria	R. Ribadeo - Elev. Sarria

PREMI 2ª MASC. G2

RESULTADOS	
Galén Ensino - Est. Blanco	76-42
Est. Rojo - Cidade Lugo	67-57
Burela - CB Sarria	40-37

CLASIFICACIONES	
Equipo	X G P NP PF PC
ORIBO C. B. SARRIA	4 3 1 0 216 123
EST. ROJO	4 3 1 0 220 184
GALEN ENSINO	4 2 2 0 216 199
CIDADE DE LUGO	4 2 2 0 202 222
BURELA EU SON	4 2 2 0 200 194
EST. BLANCO	4 0 4 0 120 252

PRÓXIMA XORNADA	
Cidade - Burela	Galén Ensino - CB Sarria
Est. Blanco - Est. Rojo	

JÚNIOR 1ª DIV. FEMININA

RESULTADOS	
PBB A - Arxil A	41-55
E. Pontevedra - Peleteiro	27-67
C. Maria - Cortegada	49-58
Maristas - RC Celta	Apr.
Rosalia - Estudiantes	Apr.
Bosco - Durán Ensino	Apr.

CLASIFICACIONES	
Equipo	X G P NP PF PC
PELETEIRO	9 7 2 0 546 408
ESTUDIANTES	8 7 1 0 583 353
R.C. CELTA ZORCA	7 7 0 0 569 275
ROSALIA PIO XII	8 6 2 0 588 470
DURAN ENSINO	8 5 3 0 486 426
CORTEGADA	9 4 5 0 496 531
ARXILA	9 3 6 0 358 572
BOSCO	7 4 3 0 338 402
MARISTAS	8 3 5 0 461 571
COMPANIA MARIA	8 2 6 0 426 515
PBB A	8 1 7 0 373 529
EST PONTEVEDRA	9 0 9 0 384 556

PRÓXIMA XORNADA	
Peleteiro - Rosalia	Cortegada - PBB A
C. Maria - Estudiantes	RC Celta - Bosco
D. Ensino - E. Pontevedra	Arxil - Maristas

CADETE 1ª DIV. FEM. NORTE

RESULTADOS	
BBCA - Rosalia	59-54
B. Coruña - Cortegada	65-73
Peleteiro - Candelas Ensino	47-55
Estudiantes - Maristas	59-42

CLASIFICACIONES	
Equipo	X G P NP PF PC
ROSALIA PIO XII	7 6 1 0 462 362
CANDELAS ENSINO	7 5 2 0 406 375
BBCA VILAR	7 5 2 0 372 379
MARISTAS CORUÑA	7 2 5 0 353 416
PELETEIRO	7 2 5 0 352 381
CORTEGADA	6 3 3 0 372 373
ESTUDIANTES	6 3 3 0 366 372
BASQUET CORUÑA	7 1 6 0 398 423

PRÓXIMA XORNADA	
BBCA - Candelas Ensino	Rosalia - Maristas
B. Coruña - Estudiantes	Peleteiro - Cortegada

INFANTIL 2ª DIV. FEMININO

RESULTADOS	
Stos. Sarria - Estudiantes	47-49
Ensino Lugo - T. Mariña	59-8
Franciscanos - Burela 05	33-39
CB Viveiro - Cidade Lugo	37-35

CLASIFICACIONES	
Equipo	X G P NP PF PC
BURELA 05 FEM	5 4 1 0 256 160
ENSINO LUGO	4 4 0 0 225 71
FRANCISCANOS	5 3 2 0 185 175
STOS. C. B. SARRIA	4 3 1 0 223 148
TERRAS DA MARINA	5 1 4 0 151 280
ESTUDIANTES	4 2 2 0 182 189
CB VIVEIRO	5 1 4 0 166 232
CIDADE DE LUGO	4 1 3 0 123 188
GALEN ENSINO	4 1 3 0 91 195

PRÓXIMA XORNADA	
Cidade - Estudiantes	T. Mariña - Galén Ensino
Ensino Lugo - Stos. Sarria	Burela 05 - CB Viveiro

INFANTIL 1ª DIV. FEM. NORTE

RESULTADOS	
Rosalia - Culleredo	57-62
Peleteiro - Maristas	65-15
Estudiantes - Giraldo	68-71
Cortegada - BBCA	50-0

CLASIFICACIONES	
Equipo	X G P NP PF PC
PELETEIRO	6 6 0 0 416 169
ESTUDIANTES	6 4 2 0 410 292
GIRALDO CBV	6 4 2 0 404 336
CORTEGADA	6 4 2 0 365 303
ROSALIA PIO XII	6 2 4 0 303 352
KFC CULLE	6 2 4 0 274 408
MARISTAS CORUÑA	6 2 4 0 287 394
BBCA DO PORTO	6 0 6 0 194 399

PREINFANTIL FEM. NORTE

RESULTADOS	
Cambados - Porto do Son	11-61
B. Coruña - Culleredo	77-27
Maristas - BBCA	27-77
Estudiantes - Cortegada	62-52

CLASIFICACIONES	
Equipo	X G P NP PF PC
ESTUDIANTES	6 6 0 0 422 167
BBCA CHAMORRO	6 6 0 0 394 165
CORTEGADA	6 4 2 0 374 251
BASQUET CORUÑA	5 3 2 0 248 264
CAMBADOS	6 1 5 0 162 388
PORTO DO SON	5 2 3 0 233 225
MARISTAS	6 1 5 0 274 389
KFC CULLE	6 0 6 0 113 371

PRÓXIMA XORNADA	
Cortegada - B. Ferrol	Porto do Son - Maristas
Culleredo - Cambados	BBCA - Estudiantes

MINI 1ª DIV. FEMININO

RESULTADOS	
Montrove - Baxi Ferrol	50-60
BBCA - Estudiantes	57-62

CLASIFICACIONES	
Equipo	X G P NP PF PC
ESTUDIANTES	6 6 0 0 371 184
BBCA DONNOS	6 4 2 0 389 219
BAXI FERROL	5 3 2

Estudiantes caeu en Santiago

MERMADOS FÍSICAMENTE, ATOPÁRONSE CUN PELETEIRO MOI ACERTADO que colleu unha renda de sete puntos no basket average, algo que presumiblemente terán que remontar os de Marcos López no encontro de volta dado o man a man que manteñen no alto da clasificación

“Estoy muy contento con el paso adelante que dio el equipo ante las adversidades físicas que nos encontramos” **MARCOS LÓPEZ** Estudiantes Lugo

89 PELETEIRO		82 ESTUDIANTES	
Xogadora	Pts.	Xogadora	Pts.
Cadaña		Janusevicius	35
Hockenup		Mark	26
Negreuid		Luis	10
Fernández		Lucas	2
Mouriz		Iago	2
Pérez J.		Iván	2
González		Diego	
Reu		Alberto	
Pérez A.		Jorge	
Padrón		Trabado	
Gómez			
Fernán			

10

TRIPLOS DE PELETEIRO

Os composteláns tiveron moito acerto dende o exterior e cortaron o intento de remontada celeste no último minuto co décimo lanzamento de tres anotado cando o marcador era de 81-80

tro no Anexo, na que Estudiantes terá que remontar eses sete puntos de basket average.

Os lucenses non chegaron no seu mellor momento á cita sinalada en vermello no calendario nesta primeira volta da Liga Galega júnior masculina. Marcos López puido contar con Luis e Lucas, pero ambos sen estar ao seu mellor nivel físico, mentres que



Os xogadores celestes facendo piña tras un encontro disputado no Anexo

Diego, con febre e Trabado, sen poder recuperarse nin xogar por lesión, mermaron o potencial celeste.

Iso e o engadido do acerto local, especialmente desde o tiro exterior ao irse ata os 10 tripos ao longo do encontro, e o seu

potencial físico intacto, foron os principais factores desnivelantes nun partido do que, pese à derrota, Estudiantes saíu reforzado como equipo.

A primeira parte disputouse de poder a poder, 19-20 no primeiro cuarto

e 22-22 no segundo para chegar ao descanso con 41-42 no marcador.

Peleteiro mantivo a esixencia física tralo paso polos vestiarios e a Estudiantes costoulle un pouco máis, chegando a irse os composteláns

7

PUNTOS DE RENDA

Visto o dominio de ambos equipos na competición, serán os que terá que remontar Estudiantes no partido de volta en Lugo para recuperar o primeiro posto se non hai antes algunha sorpresa destacada

no terceiro cuarto cunha renda máxima de 17 puntos. Marcos López cortou a sangría cun tempo morto e Estudiantes sacou forzas de fraqueza para volver meterse no encontro.

Tralo 28-17 de parcial no terceiro cuarto, no último Estudiantes apelou á heroica e chegou a poñerse a un só punto, 81-80, a falta de tan só un minuto por disputar. Peleteiro meteu o décimo tripla na seguinte posesión e con iso puxo rumbo fixo cara á vitoria por sete puntos que defenderá no partido de volta en Lugo.

CLASIFICACIÓN DE PUNTOS MASCULINO | FEMININO | MIXTO

Puntos JÚNIOR MASCULINO		
Xogador	Equipo	Ptos.
JANUSEVICIUS	Estudiantes	242
MARK	Estudiantes	193
IAGO	Estudiantes	108
LUIS	Estudiantes	106
JULIÁN	Hierros	90
MATEO	CB Viveiro	71
MARIO	CB Ribadeo	68
DANI	Hierros	66
ÁLEX	CB Burela	64
DIEGO	Estu 2	58
ALBERTO	CB Ribadeo	55
JULIÁN	CB Burela	53
JORGE	Estu 2	53
DIOBIS	CB Viveiro	49
JUAN	Hierros	48
ADRIÁN	Hierros	47
CABE	Estudiantes	45
SEVE	Estu 2	44
PIEDRA	Estu 2	36
ÁNGEL	CB Burela	35
BRAIS	CB Viveiro	35
ESTEBAN	Estu 2	33
DAVID	CB Viveiro	31
JORGE	Estudiantes	29
LUCAS	Estudiantes	29
DIEGO	Estudiantes	28
XOSÉ	CB Viveiro	27
IVÁN	Estudiantes	27
DARLING	CB Ribadeo	23
DAVID	Hierros	23
CARLOS B.	Estu 2	22
SERGIO	CB Viveiro	21

Puntos CADETE MASCULINO		
Xogador	Equipo	Ptos.
XOSÉ	CB Viveiro	114
OLLOQUI	Estudiantes	112
PEDRO	Estudiantes	101
IAGO	E. Azul	97
ÁLVARO	Estudiantes	94
HUGO	S. Ciprián	93
MANU R.	CB Ribadeo	76
BRAIS	CB Viveiro	76
JUAN	Sagrado	76
MARIO	S. Ciprián	73
ÁLEX	Sagrado	73
CRISTIAN	CB Ribadeo	68
PABLO G.	E. Rojo	63
MARIO	Ensino	62
IKER	CB Ribadeo	60
DURÁN	E. Azul	59
SERGIO	Estudiantes	59
DANI	Sagrado	59
SANTI	Ensino	58
DIEGO	S. Ciprián	58
ANDRÉS	E. Azul	55
DANI	Estudiantes	55
JUAN B.	E. Rojo	54
SAMUEL	Ensino	54
LUCAS	E. Azul	53
SERGIO	CB Viveiro	50
RAFA	E. Azul	50
ANXO	Estudiantes	48
ÁLEX B.	E. Rojo	47
MANU M.	CB Ribadeo	45
MIGUEL	S. Ciprián	44
JAIME	E. Azul	43

Puntos JÚNIOR FEMININO		
Xogadora	Equipo	Ptos.
MARINA	Ensino	117
JESSI	CB Ribadeo	116
CARMEN	Ensino	112
ANA C.	CB Ribadeo	72
LEBOREIRO	Ensino	63
FÁTIMA	CB Ribadeo	58
NURIA	Ensino	47
NATALIA G.	Ensino	45
MAITE	Ensino	44
ADRIANA	Ensino 2	43
IRENE	CB Ribadeo	41
ALEJANDRA	Ensino 2	41
KRISTINA	Ensino 2	39
PAULA	Ensino 2	37
CARMEN	Ensino 2	34
IRIA	Ensino 2	31
SARA	CB Ribadeo	30
NATALIA	Ensino	30
ALDARA	CB Ribadeo	20
TANIA	Ensino	19
LUCÍA	Ensino 2	14
ZELTIA	Ensino 2	8
ANDREA	CB Ribadeo	6
JULIA	CB Ribadeo	6
MARÍA	CB Ribadeo	5
MARINA	CB Ribadeo	4
UXÍA	Ensino	4
ALEJANDRA	Ensino	2
-	-	-
-	-	-
-	-	-
-	-	-

Puntos CADETE FEMININO		
Xogadora	Equipo	Ptos.
NATALIA	Ensino	137
NURIA	Ensino	114
MARTA	T. Mariña	95
CLAUDIA	Estudiantes	93
YASHINA	Estudiantes	93
IRENE	CB Ribadeo	85
ANDREA	CB Ribadeo	81
IRENE	E. Rojo	71
ANA	CB Viveiro	67
CARME	CB Viveiro	65
LORENA	Ensino 03	60
ALDARA	CB Ribadeo	55
ELENA	CB Viveiro	54
MARÍA	E. Rojo	53
SARA	CB Ribadeo	49
MERCHE	E. Azul	48
JULIA	CB Ribadeo	47
MAITE	Ensino	45
CARLA	Estudiantes	40
PATRICIA	E. Azul	39
MARTA F.	Estudiantes	39
ALEJANDRA	E. Azul	37
SILVIA	Ensino 03	36
ALEJANDRA	E. Rojo	31
LARA	Ensino 03	31
MARTA C.	Ensino 03	31
LUCÍA	Ensino	29
LUCÍA	E. Azul	28
CRISTINA	Estudiantes	28
ANTÍA F.	T. Mariña	27
CECILIA	CB Viveiro	26
CLARA	CB Viveiro	26

Puntos INFANTIL MIXTO		
Xogador/a	Equipo	Ptos.
CARLOS	CB Viveiro	165
PABLO	Sagrado	160
ÁLVARO	Burela 06	155
JULIÁN	Sagrado	117
SAMUEL	Sagrado	107
MIGUEL	Ensino	97
ANTÓN	Burela 05	92
LUIS	CB Viveiro	81
PABLO	Ensino	81
VÍCTOR	Estu 05	74
JORGE	CB Ribadeo	73
NICO	Ensino	71
LUCAS	CB Ribadeo	63
SIMÓN	CB Ribadeo	61
HELENA	CB Viveiro	61
CAROLINA	Ensino	58
BRUNO	Ensino	57
MARCOS	Burela 05	54
JULIA	Estudiantes	53
SABELA	Burela 05	51
HUGO	Celtas	50
DANI	CB Ribadeo	49
MARCOS	Estu 05	49
SARA	Burela 05	48
NICANOR	CB Viveiro	46
PABLO	Burela 06	45
RAMI	Ensino	45
NÉSTOR	Sagrado	44
ÁLEX	Ensino	43
JORGE	Ensino	43
ALEJANDRA	Estudiantes	43
CARLOS	Burela 05	41



Unha selección de xogadores lucenses representou ao CB Breogán en Valencia

ADRIÁN GONZÁLEZ E PABLO ABUÍN foron os adestradores

Os 16 equipos que compiten na Liga ACB tiveron a súa representación na Minicopa disputada en Valencia, que serve como antesala da Copa do Rei de baloncesto. O CB Breogán estivo presente por primeira vez nesta competición que se oficializou tralo seu regreso á máxima categoría do baloncesto nacional.

Os representantes lucenses de categoría infantil saíron dun proceso de selección no que se puideron apuntar todos os xogadores que quixeron. Adrián González, adestrador do Ensino, e Pablo Abuín, segundo preparador do Cafés Candelas Breogán, foron os encargados de confeccionar o equipo e dirixilo en Valencia.

Os catorce xogadores da Provincia de Lugo elixidos tralos adestramentos de selección puideron vivir e gozar unha experiencia única ante os mellores equipos nacionais. O Club Baloncesto Breogán quedou encadrado no Grupo C con FC Barcelona, Gipuzkoa e Zaragoza. Clasificándose para a fase final de Madrid dende este grupo FC Barcelona e Zaragoza.

Os lucenses debutaron ante Gipuzkoa na xornada inaugural, nun partido marcado polos nervios e a superioridade física do conxunto vasco, con resultado final de 93-53.

O segundo encontro mediu a

Lugo estivo por prim


GRUPO A



GRUPO B



GRUPO C



GRUPO D



RESULTADOS GRUPO C

BARÇA LASSA 82-51 TECNYCONTA ZGZ

GIPUZKOA BASKET 93-53 CANDELAS BREOGÁN

TECNYCONTA ZGZ 80-75 GIPUZKOA BASKET

CANDELAS BREOGÁN 9-59 BARÇA LASSA

BARÇA LASSA 89-38 GIPUZKOA BASKET

TECNYCONTA ZGZ 72-22 CANDELAS BREOGÁN

“Disfrutamos y aprendimos de una experiencia increíble, tanto para los niños como para los padres y nosotros mismos, los entrenadores” ADRIAN GONZÁLEZ Adestrador

“Vivimos una experiencia inolvidable para jugadores, entrenadores y padres en un escenario único como La Alquería y con un gran ambiente de basket” PABLO ABUÍN Adestrador

Breogán e o todopoderoso FC Barcelona, que deixou claro que é un dos grandes favoritos para alzarse co título na fase final que se disputará en Madrid o próximo mes de febreiro, e o último encontro que xogaron os lucenses foi ante Zaragoza con 77-22 no marcador final.

Experiencia única para o baloncesto lucense, ademais, representando ao CB Breogán en categorías de base, algo que os 14 xogadores seleccionados e os dous adestradores terán para sempre no recordo.

8

EQUIPOS NA FASE FINAL

De cada un dos catro grupos clasificáronse os dous primeiros para disputar a fase final da Minicopa 2019. Real Madrid, FC Barcelona, Estudiantes, Gran Canaria, Basket Zaragoza, Joventut, Valencia e Iberostar Canarias xogarán polo título no mes de febreiro en Madrid



Primeira vez na Minicopa



PLANTILLA CAFÉS CANDELAS BREOGÁN



1

MIGUEL MANEIRO SÁNCHEZ

2005 | 163 cm | Base | Estudiantes



5

CARLOS BRIS JIMÉNEZ

2005 | 173 cm | Escolta | CB Viveiro



7

FABIO COLLADO DÍAZ

2005 | 180 cm | Ala Pivot | Estudiantes



11

LUIS FERNÁNDEZ RICO

2005 | 175 cm | Alero | CB Viveiro



12

JULIÁN LONGARELA LÓPEZ

2006 | 167 cm | Escolta | Maristas Lugo



15

MANUEL RUANO MARTÍNEZ

2005 | 180 cm | Alero | Estudiantes



16

ALESSANDER PÉREZ RGUEZ

2005 | 165 cm | Base | Estudiantes



18

JORGE MERA VIJANDE

2006 | 165 cm | Base | CB Ria de Ribadeo



19

MANUEL MARTÍNEZ VÁZQUEZ

2005 | 164 cm | Escolta | Estudiantes



22

PABLO ANTONIO DÍAZ VALÍN

2005 | 160 cm | Base | Ensino



23

ÓSCAR RODRÍGUEZ DE VIVERO

2005 | 185 cm | Ala Pivot | Estudiantes



25

GABRIEL VALORIA FIGUEROA


2005 | 160 cm | Escolta | Estudiantes



30

CRISTIAN DARRIBA VÁZQUEZ

2005 | 165 cm | Escolta | Estudiantes



46

DIEGO SERGEI MASEDA SOILÁN

2006 | 185 cm | Pivot | Estudiantes

M. LOSADA

M U L T I M A R C A

Guitiriz

www.automovilesmlosada.com



Cinco lucenses no exitoso paso das seleccións por Euskadi

OLLOQUI E PEDRO xogaron o torneo de Lasarte co combinado cadete; **ANTÓN EXPÓSITO, JOEL LÓPEZ E O ADESTRADOR JAVI PEINÓ** competiron co equipo infantil en Deba

As seleccións galegas cadete e infantil pasaron con nota a súa última proba preparatoria para o Campionato de España que se disputará en xaneiro.

Selección cadete
O combinado cadete, cos estudiantís Olloqui e Pedro nas súas filas, gañou o Torneo de Lasarte no que se medía ás seleccións de Asturias, Euskadi e Navarra. Os galegos gañaron os tres encontros disputados entre o sábado e o domingo, con protagonismo para os lucenses, con minutos en todos os encontros.

Oллоqui rematou o torneo con sete rebotes e 22 puntos: 12 na ampla vitoria sobre Navarra (32-94) e 10 no axustado último encontro ante Asturias, que o converteron no terceiro máximo anotador do com-

binado galego. Pedro, pola súa banda, destacou na faceta defensiva, con sete rebotes –mais un ofensivo– que o sitúan tamén como un dos tres xogadores máis poderosos da selección debaixo do aro rival.

A selección galega tivo dificultades para manter un rendemento regular ao longo dos encontros pero atallouno con espectaculares finais de partido. Ante Euskadi (66-62), deulle a volta o marcador nos dous últimos minutos despois de ir a remolque durante todo o encontro. Ante Asturias (73-76), despois de moitos minutos de superioridade, tiveron que resolver o partido na prórroga.

Selección infantil
O subcampeonato do combinado galego en Deba tamén tivo protagonistas lucenses: os xogadores

Antón Expósito, de Burela, e Joel López, de Estudiantes, ademais do adestrador estudiantil Javi Peinó.

Os dous xogadores disputaron de minutos nos tres encontros, igual que o resto dos seus compañeiros, xa que o técnico celeste repartiu o tempo en todos os encontros.

Antón Expósito rematou o torneo de Deba con 13 puntos e Joel Fernández con 12, contribuíndo tamén noutras facetas do xogo.

Despois de caer no partido inaugural ante Castilla y León (98-69), finalmente campioa do torneo, o combinado galego impúxose con autoridade a Euskadi (94-45) e venceu con máis apuros a Asturias (57-66). Os asturianos levaron a iniciativa no marcador ata os dous minutos finais nos que Galicia lle deu a volta.

5
LUCENSES
Os xogadores José Olloqui, Pedro Fernández, Antón Expósito e Joel López e o adestrador Javi Peinó participaron coas seleccións galegas cadete e infantil nos torneos disputados en Euskadi

1º
CADETE, CAMPIÓN
O combinado cadete proclamouse vencedor do torneo de Lasarte tras impoñerse nos tres encontros disputados contra Navarra, Asturias e País Vasco

2º
INFANTIL, SUBCAMPIÓN
A selección infantil quedou subcampea do torneo de Deba, que se adjudicou Castilla y León. Os galegos impúxéronse nos encontros ante Asturias e Euskadi



Javi Peinó adestrador da Selección Galega infantil

Pleno de triunfos con Sara e Marta no equipo

AS ESTUDIANTÍS estiveron coa selección infantil no torneo Villa de Mieres. Yashina, Natalia e o adestrador Fernán Varela puxeron o acento lucense no combinado cadete



A selección galega infantil posando antes dun encontro

2
XOGADORAS LUCENSES na selección galega infantil: as estudiantís Sara González e Marta Fernández puxeron o acento lucense nunha convocatoria cunha ampla maioría de xogadoras de ADM Peleteiro e CB Bosco



Yashina e Natalia representando ao baloncesto lucense

3
REPRESENTANTES LUCENSES na selección galega cadete: Natalia García de Porta XI Ensino e Yashina Lebrón, de Estudiantes formaron parte dun equipo dirixido polo técnico celeste Fernán Varela

Co Campionato de España tamén no horizonte, as seleccións galegas infantil e cadete aproveitaron o parón das ligas regulares pola ponte da Constitución para facer un ensaio xeral no Torneo Villa de Mieres, que se disputou o sábado e o domingo na vila asturiana.

Selección cadete
O adestrador de Estudiantes, Fernán Varela, dirixiu o equipo cadete no torneo no que partici-

paron as seleccións de Asturias e Euskadi, ademais dun equipo júnior asturiano que completou o elenco de participantes.

Yashina Lebrón, de Estudiantes, e Natalia García, de Ensino, puxeron o acento lucense no combinado galego que acabou o torneo con dúas vitorias ante os dous anfitrións: Galicia-Júnior Asturias, 91-31; Asturias-Galicia, 59-86.

Tamén foi positivo o encontro fronte a Euskadi (40-45),

máis parello e con vitoria final das vascas.

Selección infantil
O bo papel do equipo cadete foi incluso mellorado polo conxunto infantil con pleno de vitorias no balance final da súa

participación no torneo asturiano.

A selección galega foi a gran dominadora da competición, impoñéndose nos tres partidos en xogo con protagonismo de xogadoras lucenses na cancha. As estudiantís Marta Fernández e Sara González formaron nunha convocatoria dominada polo ADM Peleteiro e o CD Bosco, que achegaron nove das catorce seleccións para esta cita de preparación do Campio-

nato de España.

As galegas xogaron contra as seleccións de Asturias, Euskadi e Castilla y León, logrando tres vitorias. As citas ante Asturias (52-76) e Euskadi (70-43) foron as máis plácidas para o equipo dirixido por Nacary Rojas, de Bosco Sale-sianos. Con máis paridade desenvolveuse o encontro fronte a Castilla y León, no que o equipo galego se impuxo por tres puntos (58-61)



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

QuerENDO

DEPUTACIÓN E CB BREGÁN darán visibilidade á endometriose no partido ante o Real Madrid que se disputará o próximo domingo no Pazo dos Deportes

A Deputada de Benestar Social, Sonsoles López Izquierdo, e o Deputado de Deportes, Pablo Rivera Capón, presentaron este luns, xunto ao Presidente do CB Breogán, Suso Lázare Rincón, e a representante de QuerENDO, Andrea López, unha nova campaña de concienciación social enmarcada dentro do contrato de patrocinio asinado polo club celeste e a Deputación. O vindeiro partido do Breogán no Pazo dos Deportes ante o Real Madrid estará dedicado a darlle visibilidade á endometriose, unha enfermidade que padecen unhas 60.000 mulleres en Galicia e 2 millóns en España.

Rivera Capón avanzou que "o Pazo acolle 12 anos despois un dos partidos máis esperados pola afección breoganista, por iso queremos aproveitar esta ocasión única para visibilizar e poñer o foco nunha enfermidade que afecta arredor do 10% da poboación feminina. Dado que se trata dunha cita que van seguir centos de miles de persoas tanto no Pazo como pola televisión en toda España, sen dúbida, servirá de altafalante para tomar conciencia sobre a relevancia desta doenza e impulsar a investigación sobre a mesma".

López Izquierdo lembrou "o compromiso do Executivo Provincial coas mulleres que sofren esta doenza, pois xa conseguimos que fora aprobada, no Pleno de outubro, a nosa proposta para mellorar a atención a mulleres con endometriose e a divulgación da doenza para o seu correcto diagnóstico e tratamento. Ademais, proximamente poñeremos en marcha unha nova campaña de concienciación entre a cidadanía da man de QuerENDO para continuar traballando xuntos neste eido".

O Presidente do CB Breogán destacou "o orgullo que supón poder axudar ás mulleres que sofren esta doenza, que moitas veces resulta invisible para a poboación". Pola súa parte, Andrea López, incidiu precisamente na importancia de que "esta iniciativa se leve a cabo nun partido con tanta repercusión, o que permitirá que un tema tabú chegue a moitas mulleres e cale entre a sociedade".

López Izquierdo agradeceu "o esforzo que fai a asociación QuerENDO pola concienciación e procura de solucións para unha doenza da que aínda non se coñecen as causas que a provocan, a dimensión real da súa incidencia nin cales son os tratamentos máis axeitados. Tamén hai que agradecer ao CB Breogán a súa disposición cara ás accións solidarias".

Esta acción engádesa a outras iniciativas levadas a cabo ao longo da tempada entre o Goberno da Deputación e o CB Breogán, coma a campaña de doazón de sangue, a xornada de sensibilización cidadá da man de COGAMI, ou os



Durante o encontro no Pazo, despregarase un tifo en prol da loita contra esta enfermidade, que afecta a máis do 10% da poboación feminina. Tamén haberá puntos de información nos accesos ao recinto e difundiranse mensaxes nas canles do club

"Dado que se trata dunha cita que van seguir centos de miles de persoas en toda España, sen dúbida, servirá de altafalante para tomar conciencia sobre a relevancia desta doenza e impulsar a investigación sobre a mesma" **Pablo Rivera, Deputado de Deportes**

"O Executivo Provincial está comprometido coas mulleres que sofren esta doenza, pois xa conseguimos que fora aprobada, no Pleno de outubro, a nosa proposta para mellorar a atención a mulleres con endometriose e a divulgación da doenza para o seu correcto diagnóstico e tratamento"

Sonsoles Izquierdo, Deputada Benestar Social

actos para visibilización do cancro de mama durante o partido fronte ao Obradoiro, entre outros.

Visibilización dunha enfermidade que afecta a máis do 10% das mulleres

Durante o encontro que o CB Breogán disputará o domingo, ás 17:00 horas, no Pazo dos Deportes, fronte ao Real Madrid, os asistentes conformarán un tifo que cubrirá a gradaría con cartolinas amarelas en reivindicación da loita contra esta enfermidade. Tamén haberá diferentes puntos de información relacionados coa asociación QuerENDO e

a enfermidade para concienciar sobre a importancia desa doenza. Ademais, tanto pola megafonía do Pazo coma a través de redes sociais, o CB Breogán compartirá mensaxes de apoio á iniciativa.

A endometriose é unha enfermidade que afecta a máis do 10% da poboación feminina. Estímase que en España hai preto de 2 millóns de mulleres que a padecen, sendo arredor de 60.000 as que viven na comunidade galega. O principal problema na loita contra esta enfermidade é a falta de diagnose.



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

